



**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA DOCE DE XULLO DE 2023**

**SRES. ASISTENTES:**

|                      |                                           |
|----------------------|-------------------------------------------|
| Alcalde-Presidente   | D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO               |
| Tenentes de Alcalde: | D. MANUEL COSTA CARNEIRO                  |
|                      | D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA |
|                      | D <sup>a</sup> DIANA VARELA BARREIRO      |
| Escusa asistencia    | D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ               |

**SECRETARIO:** D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos día doce de xullo de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión CONSTITUTIVA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Constitución da Xunta de Goberno Local.**

En función do establecido no artigo 35.2 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (BOE núm. 305/86, do 22 de decembro) e previo nomeamento por decreto núm. 439/23, de data vinte e un de xuño, dos membros compoñentes da mesma, e coa asistencia dos antes citados, dáse por constituída a Xunta de Goberno Local.

**2º.- Réxime das sesións.**

A Xunta de Goberno acorda establecer una sesión ordinaria ao mes, a celebrar o segundo xoves, ás 20:30 horas.

Por motivo de organización debidamente motivada poderá adiantarse ou atrasarse a data de celebración unha semana.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.